



## FICHA RESUME

Ano	2009	PE410A 2009/10-1
Entidade	CONFRARÍA DE FERROL	
Plan explotación <sup>(1)</sup>	POLIQUETOS	
Réxime <sup>(2)</sup>	AUTORIZACIÓN E LIBRE MARISQUEO.	
Modalidade <sup>(3)</sup>	MERGULLO CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies	<i>Lumbrineris impatiens, Hediste deversicolor, Arenicola marina, ...</i>
Ambito do plan	De faro de Frouxeira a punta da Faisca
Subzonas de explotación	<b>Zona A:</b> Ponte do tren ata Castelo San Carlos. <b>Zona B:</b> Dende Castelo San Carlos a cabo Prioriño Grande. <b>Zona C:</b> dende cabo Prioriño Grande ata cabo Prior <b>Zona D:</b> de cabo Prior ata o faro de punta Frouxeira.

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
	6	6
Ampliación do número de permex <sup>(4)</sup>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		129									
Época y zona probable de extracción <sup>(5)</sup> Zona A: maio e 1º quincena de xuño, Zonas B, C e D: 2ª quincena de xuño, xullo e agosto; Zona A: setembro e outubro											
Modalidade <sup>(3)</sup> mergullo semiautonomo (do 16 de marzo ao 30 de outubro)											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
				X	X	X	X	X	X		

Topes de captura <sup>(6)</sup>			
Especies	A pé	Embarcación	Exemplares/mergullador/día
<i>Lumbrineris impatiens, Hediste deversicolor, Arenicola marina</i>			800 en total

Artes a empregar	de xeito manual.
------------------	------------------

Puntos de control	Peirao de Ferrol
Puntos de venda	



## Outras consideracións

### Epocas e zonas de extracción:

**Zona A:** maio e 1<sup>o</sup> quincena de xuño,

**Zonas B, C e D:** 2<sup>a</sup> quincena de xuño, xullo e agosto;

**Zona A:** setembro e outubro

### Participantes:

Na relación presentada pola confraría figuran 6 embarcacións e 10 mergulladores. Dacordo cos datos da Consellería unicamente hai 6 habilitacións, unha por embarcación.

### Mergullo:

A tarxeta de \_\_\_\_\_ caduca durante a vixencia do plan de explotación. \_\_\_\_\_, ten formalizada a solicitude da tarxeta de certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como **xefe de equipo**.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2009.**

Deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do plan de explotación en soporte informático.
- Xustificación da consulta o sector para a elaboración do plan. Debe existir constancia documental de que se fixo deste modo.
- Certificación de aprobación do plan polos órganos de goberno da confraría.
- Coordenadas cartográficas que delimitan as zonas sometidas a plan, dacordo coa Circular de 6 de outubro 2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009.
- Indicar o funcionamento dos puntos de control e persoas responsables deste
- Determinación da forma de venda. Recordamos que **non poden comercializar este produto en lonxa** por non ser susceptible de consumo humano.